



NOTA INFORMATIVA

En execución do disposto no apartado sétimo da *Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico, como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19 (D.O.G núm 51, do 15 de marzo)*, están **suspendidos** os termos e interrómpanse os **prazos** na tramitación **dos recursos administrativos** (ordinarios e extraordinarios) ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

A suspensión de termos e a interrupción de prazos aplicaranse a todo o sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O cómputo dos prazos reiniciarase no momento en que perda vixencia o citado acordo ou, no seu caso, as prórrogas deste.

DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS

